

A Concelleira Delegada da Área de Economía, Facenda, Emprego e Recursos Humanos, aprobou, no día de hoxe, a resolución que di como segue:

"A Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Emprego e RRHH, por Resolución de data 11/12/2015, aprobou a contratación administrativa correspondente á **Contratación Anual para a Producción e Execución das Festas de Nadal**; os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a licitación; a convocatoria da licitación mediante procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios de valoración e a aprobación do gasto por importe de 38.000,00 euros. IVE incluído.=Tendo en conta a duración inicial do contrato (realización da Cabalgata dos Reis Magos o día 5 de xaneiro de 2016), o importe estimado do contrato coincide coa anterior cifra ó non contemplarse a posibilidade de prorrogalo.=Se remitiron invitacións para presentar oferta ás empresas: PRODUCCIONES CUARZO; XEMA COMUNICACIÓN GLOBAL, S.L.; BUFETE DE COMUNICACIÓN Y LENDING EMPRESARIAL, S.L., e SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.. Segundo consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral, dentro do prazo establecido presentou oferta a esta licitación unicamente a empresa SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.=O día 21/12/2015, o órgano de contratación, asistido polo interventor municipal e polo xefe do Servizo de Contratación, procedeu á revisión da documentación administrativa presentada no sobre A) "Documentación" pola única empresa interesada e a declarou inicialmente ADMITIDA a esta licitación. De seguido e por non ser acto público, se procedeu á apertura dos sobres B) e "C", cuxo contido foi aceptado e remitido a informe dos técnicos municipais, da única empresa presentada e inicialmente admitida, resultando do seguinte xeito:

| mplica | Empresa                            |  |
|--------|------------------------------------|--|
| Única  | SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L. | Presenta documentación ( <i>pendente de revisión pola xefa do Negociado de Benestar Social</i> ) |

=Finalmente e na sesión citada, se procedeu á apertura do sobre C), resultando como segue:

| mplica | Empresa                            |  |
|--------|------------------------------------|--|
| Única  | SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L. | Prezo sen IVE: 25.206,61 €<br>IVE (21%): 5.293,39 €<br>Prezo don IVE: 30.500,00 €. |

=Tendo en conta que ao procedemento, das empresas consultadas, unicamente se presentou unha empresa e que resultou inicialmente admitida; o órgano de Contratación, descartou iniciar o proceso de negociación e formulou a súa proposta de adxudicación ao Órgano de Contratación, a favor da empresa SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L., condicionada en todo caso, á emisión de informe técnico favorable e ao establecido na cláusula 21 do prego que rexe a contratación.=O expediente pasa a informe técnico respecto dos criterios que o prego establece para o sobre B) e o sobre C):



| CRITERIOS DE VALORACIÓN/NEGOCIACIÓN |  |                  |          |
|-------------------------------------|--|------------------|----------|
| NÚM.                                | CRITERIO   | PUNTOS           | SOBRE    |
| B)                                  | <b>TOTAL</b>   | <b>40 puntos</b> | <b>B</b> |
|                                     | <p><b>CABALGATA DE REIS:</b></p> <p>Temática central e o seu desenvolvemento creativo na execución da idea, que fomente os valores solidarios, medio ambientais e dereitos humanos, ate <b>20 puntos</b>.</p> <p>Animación entre as carrozas e a súa creatividade e diversidade, ate <b>10 puntos</b>.</p> <p>No suposto de que o licitador oferte un número superior de carrozas ás contempladas, outorgaráselle un máximo de <b>10 puntos</b>, en concepto de mellora por cada carroza cun máximo de mellora de dúas carrozas.</p> |                  |          |

=O día 20/11/2015 se incorpora ao expediente informe favorable emitido pola xefa do negociado de Benestar Social respecto do requirido polo órgano de Contratación e no que consta a valoración total da oferta presentada pola única empresa presentada e inicialmente admitida: **=PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B+SOBRE C (SOBRE 100) DA EMPRESA LICITADORA VILLASENIN:**

| EMPRESA                            | SOBRE B | SOBRE C | TOTAL   |
|------------------------------------|---------|---------|---------|
| SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L. | 40      | 60      | 100/100 |

=Efectuado requirimento para a presentación da documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas á empresa SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L., ésta presentou en prazo documentación que unha vez revisada polos servizos técnicos municipais consideraron que cumpren coas esixencias do pregos.=Polo todo o exposto, propónse ó órgano de contratación a adopción da seguinte resolución:=-**Primeiro:** Adjudicar, polas razóns recollidas na parte expositiva, o contrato correspondente á **Contratación Anual para a Producción e Execución das Festas de Nadal (PN 05101 15/36)** á empresa SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L. (CIF B-15261167) con suxeición ós pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte a súa oferta. A prestación do obxecto deste contrato realizarase de acordo co calendario, horarios, e prezos establecidos nos pregos e coas demais condicións de prestación do servizo ofertadas pola empresa adjudicataria na súa proposición.=A duración do contrato rematará ó día seguinte da celebración da Cabalgata dos Reis Magos o día 5 de xaneiro de 2016.=O prezo do contrato será de 30.500,00 euros con IVE incluído (25.206,61 € sen IVE). Para os efectos de consignación presupostaria, imputarase á partida orzamentaria 05101-3381-22699 integramente no exercicio correspondente ao ano 2016 (\* tendo en conta as datas de adjudicación).=-**Segundo:** Formalizar o contrato no prazo máximo de QUINCE DÍAS HÁBILES seguintes a aquel en que reciban a notificación da adjudicación os licitadores e candidatos, de conformidade coa cláusula 22 do prego."



A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma disposta no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Ferrol,

- 5 X/M 2016

O secretario xeral,

